

Praza número: 26/1027

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Área de coñecemento: Psicoloxía Evolutiva e da Educación

Departamento: Psicoloxía

Documento 2

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN E APROBACIÓN DOS CRITERIOS DE VALORACIÓN

Ás 10 horas do día 16 de xullo de 2026 constitúese a comisión xulgadora do concurso enriba indicado, coa asistencia dos seguintes membros:

Presidencia: Pilar Vieiro Iglesias

Secretaría: Juan Carlos Brenlla Blanco

Vogal 1º: Silvia López Larrosa

Repr. persoas traballadoras: José María Mesías Lema

Todas as persoas que integran esta comisión manifestan que non incorren en ningunha das causas de abstención previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, nin en ningunha das situacións que se poidan cualificar de conflito de interese das establecidas no artigo 32.4 do Real decreto 678/2023. A continuación, a comisión aproba os **criterios de valoración** dos méritos das persoas candidatas:

Criterio de aplicación xeral

Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento da praza obxecto de concurso multiplicaranse por 1.

Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento afín/s multiplicaranse por 0,5. A comisión acorda establecer como especialidade/s de coñecemento afín/s a/s seguinte/s:

Psicoloxía Básica, Psicobioloxía, Metodoloxía das Ciencias do Comportamento, Personalidade e Tratamentos Psicolóxicos, Psicoloxía Social.

Os méritos nas restantes especialidades de coñecemento entenderanse como non afíns e multiplicaranse por 0,1.

Criterios específicos

Todos os puntos que non estean incluídos nestes criterios específicos valoraranse de acordo co establecido no baremo da citada Normativa incluído no anexo I e segundo a ponderación por especialidades de coñecemento establecida nos parágrafos anteriores.

EXPERIENCIA DOCENTE. Puntuación máxima: 100 puntos

Docencia universitaria

Calidade docente. Puntuación máxima: 20 puntos

Manuais e libros de texto con finalidade docente universitaria (máximo de 4 puntos por cada manual/libro). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Valorarase a posición da autoría, non se terán en conta autoedicións e terase en conta a calidade da editorial.

Participación en proxectos docentes ou en grupos de innovación docente (máximo de 4 puntos en cada caso).

1 punto por grupo de innovación e 1 punto por ano de proxecto

Estadías docentes (máximo de 2 puntos).

Valorarase 0,5 puntos por mes

Mobilidade docente STA ou similar (máximo de 2 puntos).

Valorarase 0,5 puntos por mobilidade de 8 horas

Premios e recoñecementos docentes (máximo de 2 puntos).

Valorarase 1 punto por premio

EXPERIENCIA INVESTIGADORA E DE TRANSFERENCIA. Puntuación máxima: 100 puntos

Publicacións científicas (artigos en revistas científicas, libros e capítulos de libro). Puntuación máxima: 40 puntos

Coeficiente multiplicador entre 0,25 e 1 que poderá ter en conta o número de persoas autoras da publicación, e, no caso das revistas, a súa posición na base de datos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Valorarase a posición da autoría, e terase en conta a calidade da publicación:

Valorarase con 2,5 Q1 y Q2 e con 1,5 en Q3 e Q4 en Scopus ou na Web of Science, e 0,5 en Dialnet Métricas e outras ata un máximo de 5 puntos.

Os libros e os capítulos de libro valoraranse tendo en conta o prestixio da editorial. A puntuación máxima dun capítulo de libro será de 1 punto; a dun libro, de 5 puntos.

Valorarase a posición da autoría.

Comunicacións en reunións científicas. Puntuación máxima: 5 puntos

Cada contribución valorarase cun máximo de 0,5 puntos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Valorarase a posición da autoría cunha puntuación de 0,5 en congresos internacionais e 0,25 en congresos nacionais.

Accións de transferencia e divulgación. Puntuación máxima: 10 puntos

Puntuación máxima de 2 puntos por cada mérito alegado.

Valoraranse as patentes, os rexistros da propiedade intelectual, os desenvolvementos tecnolóxicos, a creación de empresas de base tecnolóxica ou spin-off e outras actividades de transferencia e divulgación, incluídos, nas especialidades de coñecemento e a elaboración de informes técnicos.

EXPERIENCIA PROFESIONAL. Puntuación máxima: 100 puntos

Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: Valoraranse unicamente os

méritos na especialidade de coñecemento da convocatoria. Contemplantase a experiencia profesional, incluída a docencia regrada non universitaria en ciclos superiores. A valoración máxima será de 5 puntos por ano con dedicación a tempo completo; no caso de dedicación a tempo parcial ou de períodos inferiores a un ano, a valoración será proporcional.

A Coruña / Ferrol, 16 de xullo de 2026 .

A presidencia,

A secretaría,